Plan LECTOR

I.E.S. POLITÉCNICO DE VIGO

ÍNDICE

1. Características do centro

    A. Análise do contorno
    B. Análise do centro educativo
    C. Análise das prácticas lectoras do alumnado
    D. Accións que o centro levou adiante nos últimos anos relacionadas co fomento da lectura e a organización e dinamización da biblioteca

2. Características da biblioteca

    A. Espazo e mobiliario
    B. Fondos
    C. Funcionamento
    D. Actividade pedagóxica
    E. Vinculación dos proxectos educativos e lingüístico do Centro coa biblioteca

3. Plan lector
    A. Introdución
    B. Obxectivo
    C. Ler para aprender
    D. Ler para disfrutar
    E. A biblioteca escolar dinamizadora do plan lector
    F. Aplicación das Tics no plan lector
    G. Metodoloxía

4. Anexo: Marco lexislativo

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

A. ANÁLISE DO CONTORNO

O Instituto Politécnico é un centro urbano, situado na rúa Torrecedeira da cidade de Vigo, nunha área desa rúa en que hai outros equipamentos escolares aínda que de rango universitario: a Escola de Enxeñeiros Técnicos e a Escola de Empresariais (antigas Peritos e Comercio).

Se ben ata hai poucos anos podía considerarse como unha zona non céntrica da cidade, hoxe trátase dunha zona urbana que se estende paralela á ría, entre Pi Margall, Tomás Alonso e Beiramar. A orixe desta rúa data dos anos corenta, cando se constrúe o primeiro tramo: Praza da Industria – Glorieta de Xoán XXIII. Na actualidade produciuse un importante aumento de poboación nas zonas que están preto do Instituto coa construción en antigas fincas e en terreos baldíos que se atopan entre a rúa Coruña e Beiramar.

A procedencia do noso alumnado depende da etapa educativa.

Os alumnos de menor idade, no Ensino Secundario Obrigatorio, proceden das rúas máis próximas ao Centro dado que non se dispón de autobús escolar e acoden xeralmente a pé.

Os alumnos do Programa de Formación Profesional Básica tamén proceden da cidade, xeralmente do contorno do Instituto.

Os alumnos de Bacharelato proceden tanto da cidade como da bisbarra, sendo significativa a afluencia de alumnos doutras comarcas no bacharelato da modalidade de Artes Plásticas dado que este é o único centro público que imparte esta modalidade en Vigo e parte da súa área metropolitana.

Os alumnos de Ciclos, tanto medios coma superiores, proceden de toda a área metropolitana de Vigo, e son en xeral alumnos que se desprazan en vehículos propios e compaxinan, moitos deles, os estudos coa vida laboral, sobre todo nos ciclos en réxime de persoas adultas.

Nas rúas e establecementos do barrio é habitual escoitar o galego, mais case sempre falado por xente que, aínda que non opere como modelo lingüístico de referencia a imitar polos estudantes, lles permite asimilar o idioma galego de maneira inconsciente e os dotan de competencias latentes que se poden e deben consolidar e ampliar ao longo do ensino secundario.

As asociacións e institucións da cidade –igrexa, centro de saúde, asociacións veciñais, clubs deportivos, centro cívico, bibliotecas, pavillóns deportivos, etc. non axudan á visibilización do idioma na súa práctica lingüística e, polo tanto, non inciden na ampliación dos contextos de uso oral habitual da lingua galega polo alumnado do Centro.

Non se atopa na cidade unha actitude hostil contra o idioma, aínda que cando a lingua familiar é o galego a súa transmisión parece interromperse dunha xeración a outra.

B. ANÁLISE DO CENTRO EDUCATIVO

O Instituto nace como *Escola de Mestría Industrial*, ligada a *Escola de Peritos Industriais*, independizándose no ano 1968 cando se constrúe un novo edificio cunha capacidade para 500 alumnos.

Coa promulgación da Lei Xeral de Educación de 1970 comézase a desenvolver a Formación Profesional que queda establecida en dous graos: FP1 e FP2. A aparición da FP supuxo un enorme aumento de alumnos, o que leva a un incremento do cadro de persoal do profesorado, non só porque aparecen máis grupos senón porque aparecen materias que antes non estaban no currículo da Oficialía e Mestría.

Isto leva por unha banda a problemas estruturais, xa que aumenta o número de grupos e de materias nun centro que non estaba deseñado para iso e, doutra banda, de docencia ao aparecer un conxunto de persoas que inician aquí a súa carreira de docentes e teñen outra visión da educación, e que conecta cos cambios que a propia sociedade está a vivir (transición política, democracia, …)

Nos anos 80 o Instituto Politécnico foi punteiro en Galicia nas ensinanzas de FP. O espírito de renovación e posta ao día que o caracterizou sempre levou a que no momento en que se fala dun cambio na FP se establezan nel módulos experimentais.

No curso 92-93 de maneira experimental introdúcese 3º de ESO e paulatinamente van desaparecendo as ensinanzas da FP para seren substituídas polos novos ciclos formativos chagando á configuración actual do centro en que se imparte ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos, Educación Secundaria de Adultos, Programas de Garantía Social e Bacharelato de Adultos. Estas modificacións supuxeron o cambio de denominación do centro que pasou a chamarse "IES Politécnico de Vigo".

O Instituto conta con unha superficie aproximada de 11.000 metros cadrados en que conviven ensinanzas variadas con alumnado de diferentes idades, procedencia e clases sociais, que conviven nunha zona tranquila, sen conflitos relevantes, aínda que o noso alumnado da secundaria pertence a familias con niveis socioculturais e económicos ben variados.

O Instituto Politécnico acolle anualmente unha media de 1500 alumnos distribuídos entre os seguintes grupos e modalidades de ensino:

<u>ESO E BACHARELATO</u>

- 2 grupos 1º ESO
- 2 grupos 2º ESO
- 2 grupos 3º ESO
- 2 grupos de FP Básica
- 2 grupos 4º ESO

- 2 Grupos de PMAR
- 3 grupos de 1º Bacharelato Científico-Tecnolóxico (ord., vespert. e adultos)
- 3 grupos de 2º Bacharelato Científico-Tecnolóxico (ord., vespert. e adultos)
- 5 grupos de 1º Bacharelato Artes Plásticas, Deseño e Imaxe (ord., vesp., adultos)
- 5 grupos de 2º Bacharelato Artes Plásticas, Deseño e Imaxe (ord., vesp., adultos)
- 2 grupos de Educación Secundaria de Adultos

EDUCACIÓN E OBRA CIVIL

- 2 grupos do Ciclo Sup. Desenvolvemento de Proxectos de Construción (adultos)
- 4 grupos do Ciclo Sup. Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas (ord. e adultos)

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

- 4 grupos do Ciclo Medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas (ordinario e adultos)
- 4 grupos do Ciclo Superior de Instalacións Electrotécnicas (ordinario e adultos)
- 4 grupos do Ciclo Superior de Sistemas de Regulación e Control (ordinario e adultos)
- 2 grupos FPB de electricidade- electrónica

FABRICACIÓN MECÁNICA

- 4 grupos do Ciclo medio de Mecanizado (ordinario e adultos)
- 4 grupos do Ciclo Superior de Produción por Mecanizado (ordinario e adultos)

MANTEMENTO E SERVIZOS A PRODUCIÓN

- 2 grupos do Ciclo Medio de Instalación e Mantemento Electromecánico (ordinario)
- 2 grupos do Ciclo Superior de Mantemento de Equipo industrial (ordinario)
- 2 grupos do Ciclo Superior de Riscos Profesionais (ordinario)

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS (ESA)

- 1 grupo módulo III (3º ESO)
- 1 grupo módulo IV (4º ESO)

O persoal do Instituto está integrado polos seguintes colectivos:

- Profesores: 130, nos cales se inclúen profesores de secundaria e profesores técnicos de FP.

- Persoal de Administración e Servizos: 17 persoas.

C. ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS DO ALUMNADO

Desde a creación do centro foron os Departamentos das Linguas os que asumiron as tarefas de fomentar a lectura e organizar a Biblioteca en colaboración cos bibliotecarios Na actualidade hai un coordinador da biblioteca cunha reducción horaria de 8 h. e tres membros do equipo da biblioteca que adican todas as súas gardas a esta tarefa.

Os Departamentos de Humanidades en colaboración co Coordinador de Dinamización Lingüística fomenta a práctica lectora nos alumnos de Secundaria mediante a lectura de textos en clase e de libros de lectura obrigatoria.

1º ESO

Galego: len en alto textos do libro e fan exercicios de comprensión e vocabulario. Len tamén en alto *O principiño* Len eles un libro por trimestre e fan un diario de lectura.
Castelán: len en alto na clase a lectura da lección e fan exercicios de comprensión, expresión e vocabulario. Tamén len un libro por trimestre, comezan léndoo na clase en silencio (tres sesións) e logo o terminan de ler na casa: cobren unha ficha na clase (a profesora ponlle nota) e comentan o libro.
En agrupamento leen un libro en casa, e en clase resolvemos as dúbidas, fan un exame e despois algún xogo.
Inglés: len dous libros no curso e fan un control de lectura. Nunha sesión semanal len na clase uns 20 minutos. Tamén len en alto ou ás veces en silencio os textos dos libros e fan diferentes exercicios de comprensión
Portugués 2º idioma: fan lectura comprensiva de textos variados.
Francés 2º idioma: todos os días na clase fan lectura comprensiva de textos do libro.

2º ESO

Galego: fan lectura comprensiva na clase de textos do libro. Len un libro por trimestre e fan diario de lectura.
Castelán: lecturas na clase con exercicios de comprensión e vocabulario. Len un libro por trimestre, realizan un control de lectura sobre él e despois favorécese o intercambio de opinións.No segundo trimestre realizan unha actividade longa (medio trimestre), un Diario de lectura, que entregan para a súa posterior calificación.
Inglés: len un libro por trimestre e examínanse del.
Portugués 2º idioma: fan lectura comprensiva de textos do libro.
Francés 2º idioma: en todas as clases fan lectura comprensiva de textos do libro.
Educación para a Cidadanía: lectura e comentario de textos de actualidade.

3º ESO

Galego: len en alto na clase as lecturas do libro. Len pola súa conta un libro por trimestre do que fan un traballo ou un control de lectura.

Castelán: len un libro por trimestre e examínanse del. Ás veces len en alto na clase pasaxes dese libro.
Inglés: len en alto na clase textos do libro e fan deles exercicios de comprensión e expresión. Len pola súa conta dous libros no curso en fan deles control de lectura.
Francés 2º idioma: len tódolos días na clase: textos do libro e tamén capítulos de novelas ou artigos de revistas.

PMAR
Galego/castelán: todos os días dedican tempo á lectura comprensiva: relatos, textos xornalísticos ou fragmentos do libro de texto.
Inglés: len unha hora á semana e traballan a comprensión. Pola súa conta len dous libros no curso (exame) máis algún outro voluntario.

4º ESO
Galego: len un libro por trimestre e fan control de lectura.
Castelán: len tres libros no curso e examínanse deles.
Inglés: dous libros no curso dos que fan control de lectura, e lectura comprensiva de textos na clase.
Francés: len textos en alto na clase. Len pola súa conta un cómic do que fan un resumo.
Ética: lectura e comentario na clase de capítulos de libros de ética ou de antropoloxía.

1º Bacharelato
Galego: len un libro por trimestre para exame e/ou traballo.
En Literatura Universal fan exercicios de comprensión, len en alto e fan a lectura de varios libros.
Castelán: len tamén un libro por trimestre do que se examinan.
En Literatura Universal fan exercicios de comprensión, len en alto e fan a lectura de varios libros.
Inglés: len dous libros no curso e fan deles un control de lectura. Tamén se lles dá a opción de ler algún libro voluntario
Francés: len algúns capítulos de novelas e fan traballos sobre eles.
Portugués 2º idioma: len un libro do que fan un traballo ou control de lectura.
Filosofía: len ao longo do curso tres libros de Antropoloxía (ás veces só algúns capítulos) fan unha exposición oral na clase e entregan o guión escrito.

2º Bacharelato
Galego: len un libro por trimestre e examínanse del.
Castelán: len os catro libros recomendados pola Ciuga para as PAAU, traballan sobre eles con material aportado polo profesor e logo examínanse.
Inglés: dous libros no curso dos que se examinan. Tamén se lles dá a posibilidade de ler un libro voluntario
Francés: len capítulos de libros e fan traballos.
Portugués 2º idioma: len un libro do que fan un traballo ou un exame.
Filosofía: len voluntariamente tres libros ao longo do curso.

Ademais destas lecturas obrigatorias, en varias materias propónselles aos alumnos a lectura de libros voluntarios para mellorar a nota. Ás veces o profesor correspondente dálles unha lista aberta para que o alumno axudado polo encargado da Biblioteca elixa o libro que prefire. Outras veces o alumno chega a Biblioteca para que lle axuden a decidir que libro ler sen orientación previa.

Os principias problemas que atopamos no alumnado con relación á lectura son:

- Falta de comprensión debido ao escaso vocabulario por eles manexado e, en alumnos con graves dificultades, deficiente adquisición de técnica lectora (silabeo, falta de retención de datos, …).

- Dificultades para seleccionar a información relevante ou para elaborar esquemas ou resumos.

- Problemas para elaborar textos ou traballos en que integrar as diversas informacións.

- Falta de hábito lector, tanto por non ser unha actividade habitual nas súas familias como por dedicar a meirande parte do seu tempo a outro tipo de actividades, fundamentalmente videoxogos, Chat, televisión ou deportes.

D. ACCIÓNS QUE O CENTRO LEVOU ADIANTE NOS ÚLTIMOS ANOS RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

As principais actividades realizadas para fomentar a lectura e as competencias comunicativas en xeral foron as seguintes:

- Adquisición pola Biblioteca dun gran número de exemplares de títulos de literatura xuvenil e doutras obras dramáticas e narrativas ou poéticas que resultan especialmente atractivas aos adolescentes para que cada grupo de clase poida ler simultaneamente a mesma obra que lles é entregada en préstamo.
  Neste momento é preciso facer un expurgo importante de libros que non se usan e e/ou están desfasados, dalos de baixa e trasladalos aos departamentos ou regalarllos aos alumnos, porque xa non caben nas baldas as novas adquisicións.

- Adquisición dun elevado número de exemplares dos libros que se poñen de lectura obrigatoria nos diferentes cursos da Secundaria e Bacharelato.

- Ademais, mércanse moitos libros técnicos propios das materias de modalidade ou das materias técnicas dos ciclos formativos.

- Dotación de dicionarios de Galego e Castelán en todas as aulas. E tamén de Inglés, Francés e Portugués nas aulas en que se imparten estas materias.

- Selección de outras obras de interese para os estudantes de cara a ir aumentando progresivamente a dotación da biblioteca do centro. Trátase de ocupar as baldas con libros vivos.

- Participación nos programas *El País de los estudiantes* y *La Voz en la escuela.*

- Asistencia a representacións teatrais en horario lectivo ou non lectivo.

- Asistencia a conferencias do Clube Faro de Vigo fóra do horario lectivo.

- Celebración de recitais poéticos con motivo do Día da Paz.

- Celebración de concursos de regueifas.

- Participación no concurso de redacción promovido por CocaCola.

- Asistencia a concertos e exposicións guiadas.

- Asistencias a visitas guiadas polo casco vello, polas igrexas románicas do casco urbano, ao porto, etc.

- Organización de exposicións dos traballos realizados polo alumnado en diversas materias (Galego, Castelán, Debuxo Artístico, Deseño, ...)

- Asistencia a exposicións temporais, museos e visitas a monumentos para permitir que o noso alumnado coñeza o noso rico patrimonio cultural. A organización das visitas coordínase cos Departamentos de Ciencias Sociais, Debuxo, Actividades Extraescolares, etc. Para cada unha delas planifícanse actividades previas e posteriores a súa realización. No desenvolvemento destas actividades contamos ás veces coa axuda do Concello ou dalgunha caixa de aforros.

- Asistencia a viaxes de estudos dunha soa xornada: Santiago, Lugo, Ourense, ... ou mais longos, por exemplo, a Barcelona, Cidade das Ciencias de Valencia, Florencia, Roma. Tamén nestes casos planifícanse previamente cos alumnos as actividades.

- Creación de Clubes de Lectura (Igualdade, Bacharelato...)

2. CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA

A. ESPAZO E MOBILIARIO

A Biblioteca do Instituto Politécnico está situada no semisoto 1 que polo seu nome pode parecer un espazo escuro ou de segundo nivel, pero non é así, dado que o terreo ten un forte desnivel e o edificio pola súa cara oeste, aínda que estea mais baixo que a rúa Torrecedeira, con respecto a rúa posterior é un primeiro andar, moi luminoso grazas ás súas cinco ventás. Tamén ten moi boa iluminación artificial.

É unha sala alongada duns 112 m2 con capacidade para 52 alumnos. Cando precisamos dun espazo maior, por exemplo para recitais poéticos ou representacións teatrais, regueifas, etc. úsase o salón de actos que ten capacidade para 242 persoas sentadas.

En canto ao mobiliario, contamos co seguinte:

- Oito mesas de lectura, sete delas con seis postos de traballo e unha con catro.
- Seis ordenadores conectados a unha impresora para uso do alumnado.
- Unha ampla mesa para o encargado da Biblioteca co seu ordenador, a súa impresora, o lector para os códigos de barras coa identificación dos libros e tamén para ler o código no carné do Instituto dos alumnos, ademais doutro material necesario para o traballo. Así como para os xornais do día.
- Un andel aberto coas revistas e tamén cos xornais atrasados que se gardan uns quince días por se os solicitan para traballar con eles nas aulas.
- Andeis abertos onde están os libros, vídeos, CD, etc. A libre disposición do alumnado
- Un moble pechado con material do bibliotecario: libros de rexistro, folios, tinta das impresoras, etc.
- Conexión wi-fi
- Expositor de novidades.

B. FONDOS

Contamos con mais de 23.000 documentos inventariados que responden a 15.000 títulos diferentes. A meirande parte son libros: de lectura, de consulta, dicionarios, atlas, enciclopedias, comics, etc., pero tamén temos vídeos (algúns deles subtitulados para alumnos xordos), CD, DVD.

Na actualidade estamos traballando nun proceso de recatalogación de todolos fondos, o que nos permitirá actualizar o catálogo e poñelo a disposición dos usuarios dende a páxina web do Instituto.

A Biblioteca dispón dunha asignación para mercar libros correspondente o 5% do orzamento do centro. Tamén os Departamentos mercan fondos que sempre se rexistran na Biblioteca aínda que logo, algúns deles, estean gardados nos respectivos Departamentos, ou en determinadas aulas.

Tamén recibimos con frecuencia libros doados pola Consellería de Educación, o Concello e outras institucións. Ou agasallos das editoriais.

Como xa queda dito no apartado anterior, temos xornais diarios: La voz de Galicia, Faro de Vigo, El Mundo, El País, Atlantico Diario e Sermos Galicia. En ocasións tamén mercamos revistas.

C. FUNCIONAMENTO

A Biblioteca permanece aberta todos os días lectivos cun horario amplísimo: de 9:00h. a 13:40h. e de 16:00h. a 21:20h.

Os alumnos non deben perder horas de clase para estudar ou buscar información para traballos na Biblioteca, pero si a utilizan moito no recreo (especialmente os ordenadores), ou pola mañá os alumnos de quendas de vespertino e nocturno, e pola tarde os da chamada quenda de diúrno. Así como os alumnos repetidores de 2º de Bacharelato que só teñen algunhas materias e os repetidores de Ciclos con soamente algúns módulos.

Algúns grupiños pequenos (alumnos de Portugués, de Diversificación Curricular, de Agrupamentos Específicos, etc.) veñen ás veces a traballar á Biblioteca en horas de clase co seu profesor. Utilizan gramáticas, dicionarios, atlas, enciclopedias ou traballan nos ordenadores.

O alumnado que queira acceder a calquera servizo da Biblioteca debe presentar o seu carné escolar

O préstamo de libros é unha actividade con moitísimo movemento nesta Biblioteca. Os prestamos ascenden a uns 2.500 exemplares de media por curso.

O alumnado adoita vir a Biblioteca a pedir libros prestados ou a devolvelos nos recreos, entre clase e clase e, mesmo, ás veces os profesores déixanlles vir durante as horas de clase, especialmente durante as horas de titorías na aula, ou en Atención Educativa.

Os/as alumnos/as levan un máximo de dous libros por un prazo de quince días, se non lles foi tempo suficiente e hai outros exemplares do mesmo título na Biblioteca ou é un libro sen demanda nese momento, renováselles o préstamo outros dez días.

Se os/as alumnos/as teñen en préstamo dous libros de lectura obrigatoria e un profesor desexa que traballen con outro libro na súa materia, estes segundos libros préstanselles ao profesor e é el quen se responsabiliza da súa devolución. (O programa informático non permite o préstamo de máis de dous libros por alumno para evitar que acaparen libros de lectura obrigatoria e os seus compañeiros non poidan levalos.)

No caso de que un alumno/a se demore na devolución dun libro, desde a Biblioteca se lle reclama. No caso de que o alumno perdera o libro tería que mercar outro do mesmo título para substituílo.

Para o profesorado e persoal non docente o préstamo é por un mes. Se o precisan máis tempo por necesidades didácticas o normal é que o leven a nome do Departamento correspondente.

En canto ao uso informático, os ordenadores usaranse preferentemente para realizar traballos ou outro tipo de consultas didácticas. Só se permite o uso dos postos informáticos con fins lúdicos se non hai demanda para uso didáctico. Non se poden facer descargas de programas , nin cambiar configuracións. Non está permitido o acceso a páxinas de contidos contrarios ás normas do Instituto, de contidos ofensivos ou violentos, ou que atenten á dignidade das persoas.

Na Biblioteca rexen as mesmas normas de comportamento que en calquera outra aula, o que implica que os móbiles deben estar apagados, non se poderá entrar con comidas ou bebidas para consumir, e en todo momento deberá respectarse o ambiente de silencio e traballo para non estorbar ao resto do alumnado.

D. ACTIVIDADE PEDAGÓXICA

A Biblioteca é utilizada por todos os alumnos do Instituto.

Xeralmente as actividades que se realizan son de consulta, relacionadas coas áreas ou materias curriculares, ou de lectura de libros seleccionados polos profesores e adaptados á idade e nivel dos alumnos. Tamén hai alumnos que len outros libros voluntariamente, ou porque lles falaron ben deles os seus amigos, porque algún profesor lles aconsellou determinadas lecturas voluntarias ou simplemente achéganse a Biblioteca e piden consello para ler algo acorde cos seus gustos.

Non é moito o profesorado que ven co seu grupo a traballar aquí, case exclusivamente os das linguas ou de Ciencias Sociais, en parte porque os de outras materias específicas teñen os libros cos que adoitan traballar nos respectivos laboratorios, aula de Música, etc.

En canto aos Ciclos Formativos, aínda que os seus libros estean rexistrados na Biblioteca xeral do Centro, teñen as súas bibliotecas nos respectivos departamentos e ocúpanse eles dos préstamos e devolucións.

E. VINCULACIÓN DOS PROXECTOS EDUCATIVOS E LINGÜÍSTICOS DO CENTRO COA BIBLIOTECA

Actualmente están a funcionar no centro varios proxectos, cuxo desenvolvemento require a utilización de fondos da biblioteca e fai necesaria, ás veces, a adquisición de material para levalos a cabo. Estas actividades adoitan prepararse con

anterioridade e, ao final, faise un traballo sobre elas, elabórase un informe ou cóbrese unha enquisa, para todo isto manéxanse libros, atlas, enciclopedias, internet, etc.

Hai actividades de prevención da drogodependencia con charlas e máis películas, e charlas-coloquio doutros temas transversais como a sexualidade.

Obradoiro de regueifas e obradoiro de sensibilización medioambiental. Tamén aula da natureza no CUVI en que, dirixidos por estudantes das Facultades de Ciencias, analizan a paisaxe.

O alumnado asistn a representacións teatrais de obras en inglés e francés. Ou en galego (por exemplo para traballar os mitos clásicos). Tamén a ANPA organiza un obradoiro de teatro para alumnos/as da ESO, dirixido por un especialista, que remata con dúas funcións a final de curso; a obra trata sempre temas transversais, por exemplo a solidariedade.

Visitas a museos e exposicións en Vigo (Verbum, Marco, Quiñones de León, Fundación Barrié) ou na Coruña (Casa dea Ciencias, Planetario, Acuario, Domus).

Viaxes a Santiago (Catedral, San Domingos de Bonaval, Museo de Arte Contemporánea, ...), a Celanova (*Ruta dos Poetas)*, a Barcelona e Tarragona (Gaudí, monumentos romanos), Valencia (Cidade das Ciencias), Madrid (*Arco*, Museo do Prado, Reina Sofía, Tyssen).

3. PLAN LECTOR

A. INTRODUCIÓN

O proxecto PISA define a lectura como "a capacidade non só de comprender un texto senón de reflexionar sobre o mesmo a partir do razoamento persoal e das experiencias propias". Este mesmo proxecto establece que os alumnos e alumnas han de ser capaces de saber ler un número amplo e variado de "textos continuos" (narrativos, expositivos, descritivos, argumentativos...) e de "textos discontinuos" (cadros, gráficos, diagramas, mapas, listas, formularios, anuncios...).

O proxecto PISA define a COMPETENCIA LECTORA da seguinte maneira: A competencia lectora consiste no desenvolvemento dun conxunto de estratexias, destrezas e coñecementos que contribúen á comprensión e uso de textos escritos, así como á reflexión persoal a partir deles co fin de alcanzar as metas propias, desenvolver o coñecemento e o potencial persoal e participar na sociedade.

Partimos de dúas premisas:

- A lectura é un acto interpretativo e non unha mera decodificación.
- Un/na bo/a lector/a é o que integra a lectura nos seus hábitos de vida.

O obxectivo deste plan lector será o de formar lectores/as compoñentes nas dúas facetas básicas da lectura:

- Lectura para aprender, para informarnos.
- Lectura para disfrutar ou gozar

B. OBXECTIVOS:

O obxectivo que se propón este Plan Lector é potenciar e dinamizar o hábito lector dende dous aspectos: ler para aprender e ler para gozar.
Trátase de buscar unha implicación conxunta entre todos os departamentos, para garantir o desenvolvemento dunhas actuacións que de verdade abunden na práctica lectora e na comprensión e aproveitamento do lido no proceso de aprendizaxe.

Temos que superar unha dicotomía na práctica lectora baseada nunha diferenciación entre lectura mecánica, adquírese competencia lectora só no que á execución se refire, pode ter unha boa pronunciación, unha boa velocidade lectora... Será capaz de respostar cuestións a partir da lectura que sexan repetitivas, é dicir, responde a cuestións literais e lectura comprensiva, pode ou non ir en proporción directa coa anterior. Está menos desenvolvida cando o método de aprendizaxe e o ensino da lectura é moi tradicional e descóidanse aspectos que van máis alá da execución literal. Se unha persoa ten competencia en lectura comprensiva, non só respostará a cuestións literais, senón que será capaz de respostar a cuestións inferenciais.

Neste proxecto, o Plan Lector de Centro enténdese non como un plan de animación á lectura, nin un plan de mellora da comprensión lectora, nin un plan de organización e dinamización da Biblioteca escolar senón todo isto á vez : un conxunto de estratexias e actividades encamiñadas ao desenvolvemento de forma secuenciada, no alumnado da competencia lectora na súa globalidade, é dicir, partindo das competencias básicas para un lector eficaz en cada etapa ata chegar á meta da creación do hábito lector.

O propósito é lograr a implicación de todos os seminarios e departamentos consensuando unhas directrices que podan levarse a cabo nas horas lectivas, xa como actividades escolares ou extraescolares ou complementarias, e que sexa incluído no Proxecto Educativo do Centro.

Podemos, pois, establecer catro obxectivos básicos:

1. Formar lectores/as capaces de enfrontarse con éxito ás necesidades do mundo escolar e ao seu futuro laboral e social.
2. Formar persoas capaces de valorar a lectura como fonte de coñecemento de aprendizaxe.
3. Formar persoas capaces de disfrutar coa lectura e integrala nas actividades do seu tempo de lecer
4. Formar persoas capaces de integrar a lectura nos seus hábitos de vida.

Para atinxir estes obxectivos, toda a Comunidade Educativa ten que comprometerse a levar a cabo unha serie de tarefas:

1. Planificar e secuenciar todas as habilidades relacionadas coa competencia lectora cara o aprendizaxe, a lectura de lecer e o hábito lector.
2. Fomentar en todos os membros da comunidade educativa o valor e o aprezo da Biblioteca como centro de documentación, de formación de usuarios e como ferramenta de traballo de certos aspectos curriculares de todas as áreas.
3. Favorecer a creación de habilidades de información que capaciten ao alumnado para aprender a aprender, aproveitar e compartir os recursos e ferramentas da Biblioteca Escolar e das Aulas de Recursos.
4. Proporcionar materiais e recursos para o desenvolvemento do Plan Lector nos currículos de cada área e de cada ciclo.

C. LER PARA APRENDER : A COMPRENSIÓN LECTORA

A avaliación da comprensión lectora do Proxecto Pisa mide cinco aspectos:

1. A comprensión global do texto.
2. A obtención de información a partir do texto.
3. A elaboración dunha interpretación.
4. A reflexión sobre o contido do texto.
5. A reflexión sobre os aspectos formais do texto.

Para conseguir que o alumnado logren unha avaliación positiva nestes apartados, proponse a práctica habitual da lectura comprensiva en todas as áreas e materias.

Procedementos

- Lectura individual de textos, en clase e como tarefas para casa. Será tarefa dos Seminarios a selección de textos específicos de cada materia
- Lectura en voz alta de textos en clase.
- Localización de ideas principais e secundarias nos textos: elaboración de esquemas e resumos.
- Distinción de información e opinión.
- Traballos de ampliación de coñecementos a partir do exposto nos textos (buscas en soporte bibliográfico, en prensa, en Internet..)
- Elaboración de traballos a partir de textos en distintos soportes.
- Utilización da Biblioteca escolar e das aulas de recursos para a obtención de información. Establecer nos horarios dos grupos algunhas sesións de clase que serán impartidas na Biblioteca e nas Aulas de Recursos.

D. LER PARA DISFRUTAR

OBXECTIVOS

- Ler e gozar coa lectura
- Garantir o dereito a ler do alumnado
- Dar a coñecer os fondos bibliográficos, achegándoos ás aulas. Valorar as necesidades e demandas da comunidade educativa
- Descubrir "novos lectores"
- Descubrir "novas temáticas"

PRINCIPIOS BÁSICOS

- O profesorado recomendará lecturas dende todas as áreas.
- A lectura non será considerada como unha actividade competitiva, susceptible de premios e sancións.
- Non se farán exames, controis ou traballos sobre as obras de lectura propostas.

DESENVOLVEMENTO: HORA DE LER

- 50 minutos na propia aula do grupo, cun horario fixo establecido para facer lectura pracenteira dun lote importante de libros (aprox. 40 por aula, recollidos nunha bibliocaixa). Preferiblemente utilizaranse clases en que non se produzan desdobres ou actividade física.
- Os fondos serán renovados en función da capacidade lectora do grupo
- A selección recollerá as suxestións do alumnado e as recomendacións do profesorado.
- Non se poderán facer exames nese tempo de lectura.
- Non é hora de facer exercicios ou tarefas pendentes. Non se pode cambiar a Hora de ler para outro período lectivo.
- Os documentos da bibliocaixa non son susceptibles de préstamo domiciliario. Sempre poderá ser solicitado outro exemplar na biblioteca.
- Ante calquera desperfecto deste material, o responsable é o grupo completo.

E. A BIBLIOTECA ESCOLAR DINAMIZADORA DO PLAN LECTOR

Proposta dunha serie de tarefas encamiñadas a dinamizar o dessenvolvemeto do Plan Lector do Centro:

- Coordinación do Plan lector do Centro.
- Selección e compilación de textos breves para a lectura nas sesións de garda e nas sesións destinadas ao fomento do hábito lector.
- No mes de outubro: Campaña de fomento da lectura e de formación de novos/as usuarios/as da Biblioteca (especialmente o alumnado que entra en 1º ESO).
- Realización de campañas de fomento da lectura en abril e maio para conmemorar o Día do Libro e o Día das Letras Galegas.
- Elaboración dun "Andel de novidades".
- Elaboración da lista de libros máis lidos cada mes e doutra de libros recomendados.
- Habilitación dun lugar de lectura de prensa diaria.
- Creación du blog de Biblioteca.
- Creación dunha "Caixa de suxestións" para que os membros da Comunidade Educativa propoñan compras de libros.

F. APLICACIÓN DAS TICS NO PLAN LECTOR

Traballase coas Tics para:

1. Comunicación escolar: correo electrónico, webs de centros, chats, periódico e revista escolar on line.
2. Comunicación escola-sociedade: lectura de prensa, visitas virtuais a museos e institucións, participación en concursos…
3. Integración curricular multidisciplinar (con programas comerciais, software gratuíto, webs con recursos útiles, recursos de elaboración propia) aprendizaxes de áreas.
4. Obradoiros e experiencias on line: experiencias, simulacións ,deseños…
5. Investigación multidisciplinar: procura de recursos en Internet e enciclopedias multimedia.
6. Valores: prensa, linguaxe da imaxe e publicidade.

G. METODOLOXÍA

A metodoloxía configurase como unha serie de estratexias de ensino, que o profesorado utiliza en función das súas intencións e as capacidades que pretende potenciar.

No Plan de lectura , destacamos as seguintes estratexias:

1. Organizar todo o proceso ensino-aprendizaxe en secuencias. A secuenciación de tarefas favorece a memorización comprensiva, a asimilación e posibilita a creación de situacións de xeneralización.
2. Imitar modelos adecuados de lectura.
3. Facer que a Biblioteca de centro e de aula sexa un espazo de cooperación, de intercambio co profesor e cos seus compañeiros, favorecendo o diálogo, o contraste de puntos de vista e a axuda no traballo.

4. Converter estas bibliotecas en espazos de lecer traballando a lectura en diferentes soportes.
5. Facilitar a participación do alumno/a na selección de lecturas, realización de tarefas de rexistro, catalogación, clasificación, préstamo, conservación e planificación de actividades.

O Plan de lectura esixe o uso de metodoloxías comunicativas e participativas dirixidas a estimular a necesidade e o pracer por ler dende a incorporación ás unidades didácticas globalizadas de educación infantil ata a programación dunha hora específica de ensinanza , práctica e animación á lectura en educación primaria.

4. Anexo: MARCO LEXISLATIVO

LEI ORGÁNICA 8/2013 DE 9 DE DECEMBRO PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA

DECRETO 86/2015 DO 25 DE XUÑO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRICULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

INSTRUCCIÓN DE 1 DE SETEMBRO DE 2017 DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES